

## Obradoiros de Emprego

Programa mixto que combina accións de formación e emprego dirixido a mellora-la ocupabilidade das persoas desempregadas de vinte e cinco ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral ou social, coa finalidade de facilita-la súa posterior integración no mercado de traballo.

### REQUISITOS:

- Ter 25 ou máis anos
- Persoas inscritas na oficina de emprego
- Ser español ou membro da Unión Europea (ou Espazo Económico Europeo), ou traballador non comunitario en posesión de autorización de residencia / traballo en vigor
- Preferentemente colectivos de difícil inserción
- Non estar imposibilitado para o traballo

### CONCEPTO:

- Medida activa de fomento do emprego
- Programa público mixto ( formación/ emprego )
- Finalidade:
  - Mellorar ocupabilidade
  - Facilitar inserción no mercado de traballo.

### OBXECTOS DE ACTUACIÓN:

- Obras ou servizos de utilidade pública ou interese social.
- Novos filóns de emprego.

### DURACIÓN:

- Un ano.

### PROMOTORES:

- Entidades locais e os seus organismos autónomos.
- Entidades sen ánimo de lucro.

### METODOLOXÍA FORMATIVA:

- Aprender traballando.

## ITINERARIO FORMATIVO:

- Dende inicio: Prácticas e traballo real. Contrato por obra ou servizo determinado.

## FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Información sobre técnicas de busca de emprego e orientación laboral
- Formación sobre autoemprego e creación de pequenas empresas
- Módulo de sensibilización medioambiental
- Módulo de alfabetización informática
- Formación en prevención de riscos laborais
- Módulo de sensibilización na igualdade de xénero

## RETRIBUCIÓN:

- 150 % SMI (Salario Mínimo Interprofesional).
- 14 pagas e o período de vacacións regulamentario.

## TITULACIÓN E DIPLOMAS:

- Certificado da entidade promotora: horas, módulos, competencia adquirida.
- Diploma da consellería.

## APOIO POSTERIOR:

- Asistencia técnica: 6 meses.
- Inserción laboral: 6 / 12 meses seguimento.

## OUTRA FORMACIÓN:

- Educación compensatoria: ESO.

## COMO SE SOLICITA?:

Solicítase na **Oficina de Emprego** como servizo. É importante ter en conta que os servizos se eliminan a finais de cada ano polo que deben solicitarse en tódolos anos nos que unha persoa estea interesada en participar no Obradoiro de Emprego.